O Concelleiro delegado de deportes

A animadora Social Municipal

A animadora cultural Municipal

Administrativa do departamento de Intervención

**SECRETARIO:** José Marcelino Rivera Rarís.

**SECRETARIA SUBSTITUTA:** María Josefa Fernández Dopazo

A Comisión de Valoración poderá recabar a axuda que estime oportuna dos servicios municipais para a valoración das peticións de subvencións.

## 7.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS

Unha vez efectuada a proposta de concesión de subvencións pola Comisión de Valoración, esta será fiscalizada pola Intervención Municipal.

Tras a súa fiscalización, elevarase dita proposta á Xunta de Goberno Local, órgano competente para conceder e denegar as subvencións mediante acordo expreso no que se especifique a relación de solicitantes aos que se lles conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes.

O prazo máximo para resolver será o 15 de decembro de 2016.

O outorgamento das subvencións notificarase aos interesados dacordo co establecido nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992. A resolución de concesión farase pública tamén mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios do Concello.

Tendo en conta que a obtención concorrente de subvencións doutras entidade públicas ou privadas en ningún caso poderá superar o custo da actividade, de ser así, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión.

## **8.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS**

Os beneficiarios das subvencións terán que cumprir as seguintes obrigas:

1. *Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamentou a concesión da axuda dacordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente para os fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.*
2. *Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando para elo canto información lles sexa requirida.*
3. *Facer constar, naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que as mesmas contan coa subvención do Concello de Padrón.*
4. *Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.*
5. *Xustificar o gasto realizado improrrogablemente como data límite o 11 de decembro de 2016, dacordo co previsto na base seguinte.*

## **9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

*A xustificación farase baixo a responsabilidade do declarante e deberá presentarse no Rexistro xeral de entrada do Concello, improrrogableme como data límite o 11 de decembro de 2016. Deberá presentarse a documentación da conta xustificativa simplificada que se une como anexo ás presentes bases e que será facilitada no Concello, á que se unirá a seguinte documentación:*

*1) Certificación bancaria do número de conta a nome da entidade beneficiario no que debe facerse o ingreso da subvención.*

*2) facturas orixinais ou outros documentos de valor probatorio equivalente e con validez no tráfico xurídico mercantil que acrediten os gastos realizados e que deberán de importar, como mínimo, a contía da subvención concedida. Nas devanditas facturas deberá facerse constar unha dilixencia que acredite que as mesmas se utilizan para xustificar a subvención concedida polo Concello de Padrón.*

*Unicamente serán subvencionables os gastos que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realizaran no prazo establecido.*

*O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificadas totalmente os gastos realizados. No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, por acordo da Xunta de Goberno Local iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso.*

## **10.- REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS**

*O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarios, constituirán causa determinante para a revocación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.*

*Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos, dará lugar á cancelación da subvención e a obriga de reintegro das cantidades recibidas.*

*As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.*

## **11.- COMPATIBILIDADE**



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

*As presentes subvencións serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de calesquera outra Administración Pública ou ente público ou privado.*

## **12.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

*En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no Título IV da LXS.*

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

*Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na LXS, así coma na base nº 43 de execución do orzamento en vigor.>>*

**Segundo:** Ordenar a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal [www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es) e abrir o prazo de presentación de solicitudes.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 6 de setembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

**48.- LIQUIDACIÓN DA TAXA POR COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO ADICADO A COMERCIO E ENVASADO DE HORTALIZAS E VERDURAS, SITO NO LUGAR DE HERBÓN Nº 36, FORMULADO POR DON BENITO CONDE LÓPEZ. EXPEDIENTE 13/2016/CTA.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 22 de setembro de 2016:

#### **<<Antecedentes administrativos:**

**Primeiro:** Visto que en data 7 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local acordou tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a COMERCIO E ENVASADO DE HORTALIZAS E VERDURAS sito no lugar de Herbón nº 16, outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 29 de abril de 2002, pasando á titularidade de D. Benito Conde López, expediente 13/2016/CTA.

**Segundo:** Vista a proposta de liquidación tributaria practicada polo técnico de xestión económica.

#### **Fundamentos de Dereito:**

**Primeiro:** Vista a ordenanza fiscal municipal número 7 reguladora da taxa por licenza de apertura de establecementos.

**Segundo:** Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado.

#### **PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar a seguinte liquidación da taxa que corresponde satisfacer pola licenza municipal de apertura de actividade de COMERCIO E ENVASADO DE HORTALIZAS E VERDURAS sito no lugar de Herbón nº 16, a D. Benito Conde López, expediente 13/2016/CTA.

ONCEPTO	TIPO IMPOSITIVO	OBRIGADO TRIBUTARIO	IMPORTE (€)
Taxa por cambio de titularidade na licenza de apertura de actividade.	100% tarifa IAE. Epígrafe 612.3	BENITO CONDE LÓPEZ	273,70
<b>TOTAL</b>			<b>273,70</b>

**Segundo.** Dar traslado do acordo adoptado ao servizo de recadación municipal.

**RECURSOS:** Contra esta liquidación poderá interpoñer, ante o Sr. Alcalde o recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da notificación, ó que se refire o artigo 108 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, tal e como preceptúa o artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, debendo ter en conta as condicións e circunstancias previstas neste artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación.

Se a resolución non fose expresa, o prazo para interpoñer este recurso será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Asemade, advírteselle de que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente.

**PAGAMENTO DA LIQUIDACIÓN:** Nas contas que o Concello ten abertas en tódalas entidades bancarias do Municipio de Padrón, no seguinte prazo, segundo o disposto no artigo 62.2 da Lei 58/2003 de 17 de Decembro, Xeral Tributaria:

- Para as liquidacións notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- Para as liquidacións notificadas entre o día 16 e o último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Transcorridos os prazos anteriores sen ter efectuado o ingreso, procederase ó seu cobro pola vía administrativa de apremio, tendo en conta os seguintes recargos regulados no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

- Recargo executivo do 5% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada no período voluntario, antes da notificación da providencia de prema.
- Recargo de apremio reducido do 10% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga, antes da finalización do prazo de pago para as débedas apremiadas.
- Recargo de apremio ordinario do 20% sobre a totalidade da débeda, con xuros de demora. Aplicarase cando non concorran as circunstancias anteriores.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 6 de setembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

**49.- LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (I.C.I.O.).  
COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE INSTALACIÓN DE LIÑA ELÉCTRICA SOTERRADA DE BAIXA TENSIÓN E LIÑA AÉREA DE BAIXA TENSIÓN PARA DAR SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA A UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE PALOMAR DE ARRIBA, FORMULADA POR UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. EXPEDIENTE 45/2016/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 22 de setembro de 2016:

## <<Antecedentes administrativos:

**Primeiro:** Visto que a Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión ordinaria realizada o vinte e un de abril do dous mil dezaseis acordou declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 10 de marzo de 2016, asinada por D. José Antonio Fernández Amaro en nome e representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., para obras de instalación de liña eléctrica soterrada de baixa tensión e liña aérea de baixa tensión para dotar de abastecemento eléctrico a vivenda unifamiliar sita no lugar de Palomar de Arriba, con referencia catastral 8208704NH2380N0001OJ, conforme a memoria técnica de data 18 de febreiro de 2016 asinada polo enxeñeiro industrial D. Darío Sánchez Maeso, expediente 45/2016/CP.

**Segundo:** Vista a proposta de liquidación provisional practicada polo técnico de xestión económica municipal.

## Fundamentos de Dereito:

**Primeiro:** Visto que o artigo 100 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que o ICIO é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obra ou urbanística, téñase obtido ou non dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda ao Concello da imposición.

**Segundo:** Visto que o artigo 101 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sean donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela, tendo dita consideración aquel que soporte os gastos ou o custe que comporte a súa realización.

E naquel suposto no que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen es soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

**Terceiro:** Visto que o artigo 102 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que a base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entende por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela e que a cuota do mesmo será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame fixado por cada Concello.

**Cuarto:** Visto que a ordenanza fiscal nº 6 do Concello de Padrón, reguladora do ICIO, establece no seu artigo 7 que o tipo de gravame será o 3,5% do custe real e efectivo de construción, instalación ou obra.

**Quinto:** Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos

dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado.

#### **PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar a seguinte liquidación do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.), a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., para obras de instalación de liña eléctrica soterrada de baixa tensión e liña aérea de baixa tensión para dotar de abastecemento eléctrico a vivenda unifamiliar sita no lugar de Palomar de Arriba, con referencia catastral 8208704NH2380N0001OJ, expediente 45/2016/CP, de acordo ao establecido na Ordenanza fiscal número 6 reguladora do mesmo:

<b>BASE IMPOÑIBLE</b>	<b>TIPO DE GRAVAMEN I.C.I.O.</b>	<b>CUOTA A PAGAR</b>
1.167,19 €	3,50%	40,85 €

**Segundo.** Dar traslado do acordo adoptado ao servizo de recadación municipal.

**RECURSOS:** Contra esta liquidación poderá interpoñer, ante o Sr. Alcalde o recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da notificación, ó que se refire o artigo 108 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, tal e como preceptúa o artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, debendo ter en conta as condicións e circunstancias previstas neste artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación.

Se a resolución non fose expresa, o prazo para interpoñer este recurso será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Asemade, advírteselle de que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente.

**PAGAMENTO DA LIQUIDACIÓN:** Nas contas que o Concello ten abertas en tódalas entidades bancarias do Municipio de Padrón, no seguinte prazo, segundo o disposto no artigo 62.2 da Lei 58/2003 de 17 de Decembro, Xeral Tributaria:

Para as liquidacións notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Para as liquidacións notificadas entre o día 16 e o último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Transcorridos os prazos anteriores sen ter efectuado o ingreso, procederase ó seu cobro pola vía administrativa de apremio, tendo en conta os seguintes recargos regulados no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

Recargo executivo do 5% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada no período voluntario, antes da notificación da providencia de prema.

Recargo de apremio reducido do 10% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga, antes da finalización do prazo de pago para as débedas apremiadas.





# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Recargo de apremio ordinario do 20% sobre a totalidade da débeda, con xuros de demora. Aplicarase cando non concorran as circunstancias anteriores.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 6 de setembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

**50.- LIQUIDACIÓN DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS (E.L.U).COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE INSTALACIÓN DE LIÑA ELÉCTRICA SOTERRADA DE BAIXA TENSIÓN E LIÑA AÉREA DE BAIXA TENSIÓN PARA DAR SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA A UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE PALOMAR DE ARRIBA, FORMULADA POR UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. EXPEDIENTE 45/2016/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 22 de setembro de 2016:

#### <<Antecedentes administrativos:

**Primeiro:** Visto que a Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión ordinaria realizada o vinte e un de abril do dous mil dezaseis acordou declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 10 de marzo de 2016, asinada por D. José Antonio Fernández Amaro en nome e representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., para obras de instalación de liña eléctrica soterrada de baixa tensión e liña aérea de baixa tensión para dotar de abastecemento eléctrico a vivenda unifamiliar sita no lugar de Palomar de Arriba, con referencia catastral 8208704NH2380N0001OJ, expediente 45/2016/CP.

**Segundo:** Vista a proposta de liquidación provisional practicada polo técnico de xestión económica municipal.

#### Fundamentos de Dereito:

**Primeiro:** Visto que o Concello de Padrón estableceu unha taxa pola prestación do servizo de outorgamento das licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana, ao abeiro do disposto no artigo 20.4h) do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**Segundo:** Visto que a ordenanza fiscal nº 25 reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas establece que constitúe o seu feito imponible a actividade municipal técnica e administrativa realizada para verificar si os actos de edificación e uso do solo e subsolo suxeitos a licenza municipal están de acordo coas normas urbanísticas e de edificación previstas na normativa aplicable.

**Terceiro:** Visto que o artigo 3 da dita ordenanza fiscal nº 25 establece que son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas naturais ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou no seu interese redunden as prestacións ás que se refire a presente ordenanza, tendo a consideración de substitutos do contribuínte nas taxas establecidas polo outorgamento de licenzas urbanísticas os constructores e contratistas das obras.

**Cuarto:** Visto que no artigo 5 da ordenanza fiscal nº 25 se indica que a base imponible estará constituída polo custo real e efectivo da obra civil, si se tratara de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes ou calquera outra obra ou instalación subsumible no feito imponible desta taxa.

**Quinto:** Visto que no artigo 6, relativo á cota tributaria, se indica que a mesma resultará de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 0,5%, e en todo caso, con carácter mínimo, esixírase unha cota mínima de vinte euros.

**Sexto:** Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado.

#### **PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar a liquidación da taxa por expedición de licencias urbanísticas (E.L.U.), a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., para obras de instalación de liña eléctrica soterrada de baixa tensión e liña aérea de baixa tensión para dotar de abastecemento eléctrico a vivenda unifamiliar sita no lugar de Palomar de Arriba, con referencia catastral 8208704NH2380N0001OJ, expediente 45/2016/CP, de acordo ao establecido na Ordenanza fiscal número 25 reguladora do mesmo:

<b>BASE IMPONIBLE</b>	<b>TIPO DE GRAVAMEN E.L.U.</b>	<b>CUOTA A PAGAR</b>
1.167,19 €	COTA MINIMA	20,00 €

**Segundo:** Dar traslado do acordo adoptado ao servizo de recadación municipal.

**RECURSOS:** Contra esta liquidación poderá interpoñer, ante o Sr. Alcalde o recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da notificación, ó que se refire o artigo 108 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, tal e como preceptúa o artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, debendo ter en conta as condicións e circunstancias previstas neste artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación.

Se a resolución non fose expresa, o prazo para interpoñer este recurso será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Asemade, advírteselle de que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente.

**PAGAMENTO DA LIQUIDACIÓN:** Nas contas que o Concello ten abertas en tódalas entidades bancarias do Municipio de Padrón, no seguinte prazo, segundo o disposto no artigo 62.2 da Lei 58/2003 de 17 de Decembro, Xeral Tributaria:

Para as liquidacións notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Para as liquidacións notificadas entre o día 16 e o último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Transcorridos os prazos anteriores sen ter efectuado o ingreso, procederase ó seu cobro pola vía administrativa de apremio, tendo en conta os seguintes recargos regulados no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

Recargo executivo do 5% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada no período voluntario, antes da notificación da providencia de prema.

Recargo de apremio reducido do 10% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga, antes da finalización do prazo de pago para as débedas apremiadas.

Recargo de apremio ordinario do 20% sobre a totalidade da débeda, con xuros de demora. Aplicarase cando non concorran as circunstancias anteriores.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 6 de setembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

**51.- LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (I.C.I.O.).  
COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE REPARACIÓN E RENOVACIÓN DE TELLADO DE VIVENDA  
SITA NO LUGAR DE PRADA Nº 17, CRUCES, FORMULADA POR DON RAFAEL LISTE REIMÚNDEZ.  
EXPTE. 52/2016/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 22 de outubro de 2016:

#### <<Antecedentes administrativos:

**Primeiro:** Visto que a Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión ordinaria realizada o vinte e un de abril do dous mil dezaseis acordou declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 16 de marzo de 2016, asinada por D. Rafael Liste Reimúndez, para obras de reparación e renovación de tellado de vivenda sita no Lugar de Prada nº 17, Cruces con referencia catastral 8181504NH2388S0001QM, expediente 44/2016/CP

**Segundo:** Vista a proposta de liquidación provisional practicada polo técnico de xestión económica municipal.

#### Fundamentos de Dereito:

**Primeiro:** Visto que o artigo 100 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que o ICIO é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obra ou urbanística, téñase obtido ou non dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda ao Concello da imposición.

**Segundo:** Visto que o artigo 101 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sean donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela, tendo dita consideración aquel que soporte os gastos ou o custe que comporte a súa realización.

E naquel suposto no que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen es soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

**Terceiro:** Visto que o artigo 102 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que a base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entende por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela e que a cuota do mesmo será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame fixado por cada Concello.

**Cuarto:** Visto que a ordenanza fiscal nº 6 do Concello de Padrón, reguladora do ICIO, establece no seu artigo 7 que o tipo de gravame será o 3,5% do custe real e efectivo de construción, instalación ou obra.

**Quinto:** Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da

Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado.

#### **PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar a seguinte liquidación do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.), a Rafael Liste Reimúndez, para obras de reparación e renovación de tellado de vivenda sita no Lugar de Prada nº 17, Cruces con referencia catastral 8181504NH2388S0001QM, expediente 44/2016/CP, de acordo ao establecido na Ordenanza fiscal número 6 reguladora do mesmo:

<b>BASE IMPOÑIBLE</b>	<b>TIPO DE GRAVAMEN I.C.I.O.</b>	<b>CUOTA A PAGAR</b>
7.352,26 €	3,50%	257,33 €

**Segundo.** Dar traslado do acordo adoptado ao servizo de recadación municipal.

**RECURSOS:** Contra esta liquidación poderá interpoñer, ante o Sr. Alcalde o recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da notificación, ó que se refire o artigo 108 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, tal e como preceptúa o artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, debendo ter en conta as condicións e circunstancias previstas neste artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación.

Se a resolución non fose expresa, o prazo para interpoñer este recurso será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Asemade, advírteselle de que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente.

**PAGAMENTO DA LIQUIDACIÓN:** Nas contas que o Concello ten abertas en tódalas entidades bancarias do Municipio de Padrón, no seguinte prazo, segundo o disposto no artigo 62.2 da Lei 58/2003 de 17 de Decembro, Xeral Tributaria:

Para as liquidacións notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Para as liquidacións notificadas entre o día 16 e o último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Transcorridos os prazos anteriores sen ter efectuado o ingreso, procederase ó seu cobro pola vía administrativa de apremio, tendo en conta os seguintes recargos regulados no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

Recargo executivo do 5% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada no período voluntario, antes da notificación da providencia de prema.

Recargo de apremio reducido do 10% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga, antes da finalización do prazo de pago para as débedas apremiadas.

